


Monografías comarcais galegas? Ao redor do desenvolvemento da Xeografía Rexional clásica en Galiza (anos 1920-1980)¹

Alejandro Otero Varela

Universidade de Santiago de Compostela

alejandrootero.varela@usc.es

 <https://orcid.org/0000-0002-1045-3164>

Resumo

As monografías rexionais constitúen un vehículo de expresión capital da Xeografía desenvolvida *sensu lato* na primeira metade do século xx. Mediante unhas determinadas convencións establecidas pola escola francesa de Xeografía Rexional clásica, foron empregadas en diversos contextos; entre eles, destácase a escola catalá de Xeografía e a súa produción de monografías comarcais, nomeadamente nos anos 1920-1930. O presente artigo elucida se existiu unha xeración correlativa de monografías comarcais en Galiza. Para iso, analiza un corpus de máis de 40 documentos agrupados en tres fases sucesivas, entre as décadas de 1920 e 1980. A pescuda remata por debater estes textos estudados en relación cos canons da monografía rexional francesa e da monografía comarcal catalá.

Palabras chave: Xeografía Rexional, monografía rexional, monografía comarcal, Xeografía de Galiza.

Resum: *Monografies comarcals gallegues? Al voltant del desenvolupament de la Geografia Regional clàssica a Galícia (anys 1920-1980)*

Les monografies regionals constitueixen un vehicle d'expressió capital de la Geografia desenvolupada *sensu lato* a la primera meitat del segle xx. Mitjançant unes determinades convencions establertes per l'escola francesa de Geografia Regional clàssica, van ser emprades en diversos contextos; entre ells, es destaca l'escola catalana de Geografia i la seva producció de monografies comarcals, sobretot els anys 1920-1930. El present article elucida si va existir una generació correlativa de monografies comarcals a Galícia. Per això,

1. Desexo constar o meu agradecemento a Valerià Paül, Francisco Durán, Julio Hernández Borge e José Manuel López Andión. En boa medida, a parte de resultados deste artigo refai os contidos de dous subapartados da tese de doutoramento defendida recentemente, dedicada á historia da división comarcal de Galiza (Otero Varela, 2023).

analitza un corpus de més de 40 documents agrupats en tres fases successives, entre les dècades de 1920 i 1980. La recerca acaba per debatre aquests textos estudiats en relació amb els cànons de la monografia regional francesa i de la monografia comarcal catalana.

Paraules clau: Geografia Regional, monografia regional, monografia comarcal, Geografia de Galícia.

Resumen: ¿Monografías comarcales gallegas? Alrededor del desarrollo de la Geografía Regional clásica en Galicia (años 1920-1980)

Las monografías regionales constituyen un vehículo de expresión capital de la Geografía desarrollada *sensu lato* en la primera mitad del siglo xx. Mediante unas determinadas convenciones establecidas por la escuela francesa de Geografía Regional clásica, fueron empleadas en diversos contextos; entre ellos, se destaca la escuela catalana de Geografía y su producción de monografías comarcales, sobre todo en los años 1920-1930. El presente artículo elucida si existió una generación correlativa de monografías comarcales en Galicia. Para ello, analiza un corpus de más de 40 documentos agrupados en tres fases sucesivas, entre las décadas de 1920 y 1980. La investigación acaba por debatir estos textos estudiados en relación con los cánones de la monografía regional francesa y de la monografía regional catalana.

Palabras clave: Geografía Regional, monografía regional, monografía comarcal, Geografía de Galicia.

Abstract: Galician Counties Monographs? On the Development of Classical Regional Geography in Galicia (1920s-1980s)

Regional monographs, a major vehicle of expression for Geography, developed in a broad sense in the first half of the 20th century. With certain conventions established by the French school of classical Regional Geography, regional monographs were used in various contexts; among them, the Catalan school of Geography and its production of county monographs stand out, especially in the 1920s-1930s. This article elucidates whether there was a similar generation of county monographs in Galicia. To do so, this paper analyses a corpus of more than 40 documents grouped into three successive phases, produced between the 1920s and the 1980s. The research ends up discussing the texts under examination in relation to the French regional monograph canon and the Catalan county monograph one.

Keywords: Regional Geography, regional monograph, county monograph, Geography of Galicia.

* * *

1. Introducción

De acordo coas historias da Xeografía máis difundidas —por exemplo, dous manuais considerados de referencia, Capel (1981) e Holt Jensen (1981)— pódese individualizar unha determinada etapa dentro da evolución da disciplina que comeza a finais do século XIX e na que a noción de rexión acadá moita relevancia. As denominacións para este período son diversas, mais adoita falarse de posibilismo, Xeografía Rexional clásica ou historicismo. Aínda que Capel (1981) e Holt Jensen (1981) achan que esta perspectiva entra en crise na década de 1950 —Schaefer (1953), de feito, adoita ser considerado o “manifesto de ruptura” que pretende rachar co anterior—, na Xeografía desenvolvida en España o esplendor da Xeografía Rexional resulta predominante até os anos 1970, tal e como sostén Gómez Mendoza (2001). Lois González (2009) mesmo pospón esa preponderancia do enfoque rexional en España até máis adiante no tempo. En Galiza en particular, De Torres e Lois González (1999) sitúan a persistencia da Xeografía Rexional até os anos 1980, a partir da análise dos traballos finais de licenciatura no período comprendido entre as orixes do Departamento de Xeografía na Universidade de Santiago de Compostela e a década de 1990.

Dentro desta etapa de máis de medio século delimitábel na historia da Xeografía, as chamadas “monografías rexionais” constitúen un produto central, tal e como coinciden en sinalar o propio Holt Jensen (1981) e autores máis especializados nesta materia como Buttimer (1971), Lencioni (1999) ou García Álvarez (2006). Aínda que a súa conceptualización precisa se reserva para máis adiante neste traballo, cómpre indicar que devíñeron o principal mecanismo de expresión da investigación en Xeografía durante décadas. Estas monografías rexionais desenvolvéronse a varias escalas. Ao aceptarmos que o seu paradigma foi establecido pola escola rexionalista francesa comandada por Vidal de La Blache, conviremos que tenderon a adoptar tipicamente dúas grandes escalas: dunha banda, a considerada estritamente *rexional* en Francia —por exemplo, a decena de *régions* que determina o propio Vidal de La Blache (1903) no seu coñecido *Tableau*— da outra, a comarcal —con centos de pequenas rexións, en francés chamadas *pays*, a un nivel moito máis de detalle cás anteriores— (Sautter, 1961; Claval, 2006; Paül, 2017a).

En Cataluña, estas monografías rexionais seguidoras do paradigma vidaliano tomaron principalmente a escala comarcal e deron lugar ás chamadas “monografías comarcais” (Casassas, 1991; Nel-lo, 2009; Paül, 2017a; Oliveras, 2020; Bertran, 2021). Revisaremos máis adiante a súa identidade particular no desenvolvemento da Xeografía catalá, mais aquí situamos o punto de partida desta investigación, que procura ante todo responder unha pregunta que convertemos no título mesmo do presente artigo: pódese falar de monografías comarcais en Galiza, igual que en Cataluña, onde o máximo representante desta onda, Vila (1926, p. 9), declarou abertamente “*inici[ar] [...] un nou gènere d’estudis a Catalunya*”?

A cuestión non é menor, pois a investigación sobre a historia da Xeografía de Galiza resulta máis ben escasa. Alén dos estudos pioneiros de Santos (1999), García Álvarez (2002) e Constenla (2005), nos últimos anos o balanço do avanzado nesta dirección contén pouco máis cá achega de Lois González e Trillo (2017) sobre a figura de Otero Pedrayo. Máis recentemente, Durán (2019) e Paül (2019a) reflexionan sobre unha figura destacada na Xeografía galega como foi Antón Fraguas, esquecida desde a nosa ciencia mais reivindicada, en cambio, desde outras disciplinas tales como a Etnografía e mesmo a Literatura. Deste xeito, achamos oportuno pescudar se o desenvolvemento da Xeografía en Galiza, nomeadamente da Xeografía Rexional, se resolveu a través de monografías de tipo comarcal. Sabemos, como dixemos, que en Cataluña foi así, mais non coñecemos de ningún traballo que estudase especificamente se en Galiza se produciu, nas acertadas palabras dunha das xeógrafas que máis estudou esta materia, este “*genre spécifique, la monographie de pays, distincte*” (Ozouf-Marignier, 2003, p. 19).

Este artigo distribúese en cinco seccións, a presente introdución incluída. A segunda revisa parte da copiosa produción bibliográfica desenvolvida nos últimos anos sobre as monografías rexionais da Xeografía Rexional clásica, nomeadamente acerca da escola francesa, mais tamén cunha consideración específica das monografías comarcais na escola catalá de Xeografía, dado que aquí procuramos como hipótese correlacionalas coa casuística galega. Deseguido, ofrécense unhas breves consideracións metodolóxicas que enmarcan a investigación realizada. A parte central da investigación consiste na análise do corpus de traballos inventariados que consideramos monografías comarcais en Galiza. Tal e como xustificaremos oportunamente, a información estrutúrase en tres etapas temporais que se distinguen a efectos analíticos. O apartado final desta contribución realiza unha interpretación global dos textos analizados á luz do coñecemento existente sobre as monografías rexionais, para deste xeito responder a pregunta de partida deste artigo.

2. As monografías rexionais e comarcais

As monografías rexionais afunden as súas raíces na tradición corolóxica orixinada na antigüidade clásica, que deu lugar, por exemplo, a traballos xeográficos a escala rexional (Claval, 2006; García Álvarez, 2006), mais desprovistos das características que logo acadarían os textos que aquí estudamos. O renacentista Varenius exemplifica ben esta tradición; dunha banda, escribe el mesmo unha corografía, sobre o Xapón (Varenius, 1649); da outra, na súa *Geographia Generalis* (Varenius, 1650) distingue entre Xeografía “xeral” ou “universal” e Xeografía “especial” ou “particular”, esta segunda dedicada ao estudo de rexións específicas da Terra. Porén, até o tránsito entre os séculos XIX e XX non aparece a Xeografía Rexional clásica resolta en base a monogra-

fías, de xeito que se pode falar xa de Xeografía Rexional propiamente dita, e supérase a etapa precedente.

De acordo con Buttimer (1971), a ruptura de paradigma situaríase en *La plaine picarde* de Demangeon (1905). En cambio, Capel (1981) retrotrae as orixes a 1893, coa publicación de dúas monografías, unha dedicada ao Sáhara e outra ao planalto da Lorena. O carácter iniciático deste segundo texto, *Le plateau lorrain* de Auerbach (1893), tamén é sinalado por Ozouf-Marignier (2003). No entanto, Holt Jensen (1981) e Lencioni (1999) concédenlle un valor canónico a *La France de l'Est*, de Vidal de La Blache (1917), como xa dixemos o representante máis sobranceiro desta corrente. Trátase, esta última, dunha obra moi reveladora do nesgo ideolóxico que sempre opera na Xeografía Rexional, como sagazmente denunciaría décadas despois Lacoste (1976): nunha época na que Alsacia e Lorena, esta segunda en parte, estaban baixo soberanía alemá, Vidal non dubida en categorizalas como “Francia do leste” e teima en xustificar a súa inserción no conxunto francés. Neste senso, quedou xa hai tempo claro que, alén das escalas rexionais prototípicas da *région* e do *pays* apuntadas antes, a *nación* devén a terceira grande escala desta Xeografía Rexional clásica (Lacoste, 1976; Lencioni, 1999; Ortega Cantero, 2005; Claval, 2006), non sempre abertamente verbalizada e sen demasiadas monografías rexionais asociadas a ela —menos, en todo caso, cás de *pays* e *région*; a excepción sería o *Tableau* de Vidal (1903), por descontado, e os volumes e os capítulos de países das xeografías universais—.

Sexa como for, o que de entrada convén deixar apuntado agora é que o modelo da monografía rexional parece fixado nalgún intre entre 1893 e 1917. En todo caso, tal e como subliña Ozouf-Marignier (2003), a reflexión teórica sobre estas monografías rexionais clásicas prodúcese *a posteriori*, tamén en textos como os que aquí estamos a empregar mesmo dun século despois, pois a Xeografía Rexional vidaliana non desenvolveu unha reflexión teórico-conceptual de seu.

García Álvarez (2006) resume as características principais destas monografías rexionais. En primeiro lugar, sostén que academicamente actúan como teses doutorais, tal e como tamén confirma Ozouf-Marignier (2003, p. 16) ao referirse ás “*grandes thèses de géographie régionale dirigées au début du siècle par Vidal de la Blache*”. En segundo lugar, adoptan un esquema que se pode cualificar nos seguintes termos:

“[R]elativamente ríxido, [estaba] basado en la sucesión a menudo inconexa de capítulos temáticos generales que cubrían detalladamente el análisis de los diferentes componentes físicos y humanos de la región estudiada, así como la identificación de sus diversas unidades espaciales, para culminar en la síntesis explicativa de la singularidad regional.” (García Álvarez, 2006, p. 30).

Nun sentido moi semellante expresárase xa Sautter (1961) ao realizar un balanço das monografías rexionais francesas da época dourada:

“[À] un ordre de présentation rigide [...], des travaux gardent ce caractère d’inventaires, où les faits son répartis en rubriques. Les éléments constitutifs du milieu naturel, les étapes

historiques du peuplement, le paysage cultivé, les faits d'habitat rural, la ou les villes, les communications et les échanges, tels sont les têtes de chapite habituelles et l'ordre communément suivi. Dans la succession s'intercale, en outre, une revue des « pays » composant la grande unité régionale.” (Sautter, 1961, p. 87).

En consecuencia, atopamos no modelo monográfico rexional clásico unha disposición de contidos separados e analiticamente ordenados de forma inexorable en tres grandes bloques sucesivos: físicos, humanos e subrexionais. En todo caso, resulta evidente que esta estrutura tripartita da monografía rexional pasa a cumprir un papel chave en Xeografía, pois devén o mecanismo que posibilita o mantemento da unidade da disciplina nunha época na que xa se estaba a cuestionar (Capel, 1981; Lencioni, 1999). Por outra banda, o fincapé concedido por esta tradición á procura da particularidade de cada rexión conduce a que as monografías rexionais adoiten comezar por unha xustificación pormenorizada dos límites e do carácter singular da unidade rexional que se propón analizar, distinguíndoa, en moitas ocasións, das rexións administrativa e politicamente instituídas a distintas escalas (Buttimer, 1971; Ozouf-Marignier, 2003; García Álvarez, 2006).

Sautter (1961), Holt Jensen (1981) e Lencioni (1999) explican que o factor histórico sempre acada moita importancia nestes textos. En efecto, as análises diacrónicas adóitanse colocar ao servizo de explicar a evolución, sobre todo das actividades primarias, nesa rexión. Deste xeito, procúrase estudar como as relacións entre as persoas e o medio —a través do coñecido concepto *genre de vie*— dan en xerar un produto específico —a paisaxe— que se considera definidor para a rexión (Buttimer, 1971; Capel, 1981; Ortega Cantero, 2005; Claval, 2006). Cómpre dicir que, de acordo con Lencioni (2009, p. 106), para Vidal *paisaxe e fisiognomía* non son conceptos intercambiábeis, pois responden, respectivamente, aos *pays* e ás *régions*. Neste mesmo sentido, Sautter (1961, p. 80) subliña que nas monografías rexionais francesas da época dourada adoita resultar máis doado establecer paisaxes para os “*innombrables « pays » de la France rurale*” que “*paysages régionaux*”. Non son poucas as monografías rexionais que lle dedican unha sección específica ás paisaxes, aínda que o habitual é que estas aparezan impregnando os apartados todos.

Holt Jensen (1981) pon como exemplo da influencia deste esquema de matriz vidaliano que en países tan distantes como o Reino Unido ou Serbia reproducisen a monografía rexional como modelo de produción xeográfica. Tal e como xa se adiantou máis arriba, Casassas (1991), Nel-lo (2009), Paül (2017a), Oliveras (2020) ou Bertran (2021) sosteñen que esta estrutura de Xeografía Rexional francesa foi reproducida con matices en Cataluña coa eclosión das chamadas “monografías comarcais”. Casassas (1991) cita concretamente sete, aparecidas entre os anos 1926 e 1963 —nelas, cinco nos anos 1920-1930—, mais el mesmo engade que hai outras. De feito, a lectura atenta de Bertran (2021) permite facer emerxer algúns títulos que non foran contemplados por Casassas (1991). Asemade, Casassas (1991) apunta a que

responden á chamada de Santaló (1923) para instar a elaborar monografías comarcais catalás, acompañada dunha proposta metodolóxica concreta a tal efecto. Burgueño (2003), no entanto, matiza dalgún xeito esta aseveración ao concederlle un papel menos central a esa obra na historia comarcal catalá e ao demostrar que o que fai Santaló (1923) é basicamente traducir as ideas de Dantín Cereceda. Alén do revelador plaxio, non se pode perder de vista que Dantín Cereceda (1922, p. 2) propuxera que cada unidade rexional contase cunha “monografía” propia. Tamén presenta a rexión como posíbel solución ás provincias, das que di que son o máis “*acabado artificio de la división administrativa*” (Dantín Cereceda, 1922, p. 2). Este xeógrafo —e nisto a correspondencia coas formulacións vidalianas que vimos de revisar é total— diferencia no seu estudo entre “*región natural*” e “*comarca natural*”. Mentres indica que as primeiras se constitúen como “*extensas regiones naturales*”, as segundas apuntarían ao seguinte:

“[R]egiones más pequeñas y por ende más definidas, limitadas y concretas, contenidas en cada una de las [...] extensas. [...] Son las comarcas naturales designadas por el pueblo que las habita y de siglos las vive, las conoce y las tiene a su espíritu incorporadas, con algún nombre, por lo general, alta y claramente significativo.” (Dantín Cereceda, 1922, p. XII).

Sexa como for, Burgueño (2003) considera que a primeira obra rexional realmente moderna escrita en Cataluña é *La Cerdanya*, de Pau Vila (1926). Mentres que Burgueño (2003, p. 84) sostén que “[l]’*èmfasi de Vila se situa en el aspectes de la geografia humana [...]; la part dedicada a fisiografia (avui en diríem geografia física) no només és força breu [...] sinó que hi defuig l’acumulació de dades geològiques i topogràfiques*”, Tort (2019, p. 81) cre que ambos os dous ingredientes están equilibrados, pois Vila procura “*un èmfasi deliberat en la recerca de connexions, com a manera idònia d’explicar com es relacionen els factors naturals amb els fets humans*” (a énfase é orixinal). Paül e Giménez-Capdevila (2022) van alén destas consideracións e constatan que, desde *La Cerdanya* de Vila (1926), esta comarca do Pireneo catalán constitúe unha sorte de laboratorio vivo das pescudas en Xeografía en Cataluña. En todo caso, para Oliveras (2020), o liderado de Pau Vila nas monografías comarcais catalás resulta innegábel. En efecto, Oliveras (2020) indica que Vila elaborara a comezos dos anos 1920 unha especie de enquisa ou cuestionario para estruturar esas monografías, inspirándose na obra do xeógrafo francés xa mencionado Demangeon.² Vila arelaba que se aplicase a moitas comarcas. A orde proposta responde ao canon xa indicado: aspectos introdutorios, xeografía física e xeografía humana. Oliveras (2020, p. 104) subliña que “*les activitats agràries són predominants i en canvi dedica poca atenció a les activitats no agràries [...]. La propietat rural hi és tractada, però en canvi no hi apareix la urbana*”. Novamente, comprobamos que o nesgo desta Xeografía Rexional clásica é cara a aspectos paisaxísticos rurais.

2. *A posteriori*, Oliveras (2020) reconece o influxo de Blanchard na fixación do modelo monográfico comarcal de Vila.

En todo caso, da análise que realizamos de Vila (1926) extraemos que non só figuran os aspectos físicos e humanos agardábeis —por esta orde—, senón que existe un terceiro bloque de “*monografies locals*”, que fai que a división da monografía comarcal seminal en Cataluña cumpra á perfección o canon de monografía rexional francesa visto máis arriba.

Oliveras (2020) pregúntase por que Vila teimou na elaboración dunha monografía comarcal sobre a Cerdanya, cando contaba con moito material recollido para o Vallès. En verdade, Paül (2008) sostén que si que existe unha monografía comarcal de Vila para o Vallès, publicada en 1930, certamente non como volume autónomo, mais si como un copioso capítulo de libro de máis de 80 páxinas, que, entre outras achegas, contén unha insuperada análise paisaxística da comarca (Vila, 1930). En todo caso, segundo Oliveras (2020), actúa o feito de que existían xa obras monográficas rexionais francesas sobre os Alpes, que sen dúbida inspirarían Vila, o cal o abalaría cara a un estudo de caso no Pireneo. Non se pode esquecer que Vila realizara a súa formación xeográfica máis determinante en Grenoble a comezos dos anos 1920, co cal as correspondencias entre o alto val do Isère, que analizara e percorrera canda xeógrafos franceses reputados, e o do Segre seguro que actuaron poderosamente. Amais, a Cerdanya é a única comarca do núcleo pirenaico facilmente comunicada desde Barcelona por tren, o cal facilitaba os desprazamentos naquela altura; Vila, de feito, realizou o seu estudo cun notábel traballo de campo. Após, o propio Vila (1926) declara ao comezo do seu volume o seguinte:

“Res no hi ha tan difícil, per no dir impossible, com el delimitar una comarca a base de termes naturals, o bé documentalment sota el punt de vista històric. [...]”

Potser entre totes les encontrades de Catalunya, la que hom pot delimitar millor és aquesta que anem a estudiar. Sense dubte, la Cerdanya forma una unitat geogràfica ben caracteritzada.” (Vila, 1926, p. 25).

Deste xeito, un motivo moi relevante para estudar a Cerdanya sería a “naturalidade” dos seus límites comarcais, perfectamente marcados por un “*cinyell muntanyós* [que] *tanca* [...] *quasi pertot aquesta comarca, que forma així una unitat geogràfica netament individualitzada, bo i donant-li uns termenals gairebé infranquejables a l’hivern, [...] i de pas difícil fins i tot a l’estiu*” (Vila, 1926, p. 28). En definitiva, así Vila “aforraria” un contido habitual das monografías rexionais —neste caso, comarcais— como é a xustificación dos límites, porque son aparentemente “perfectos”. No entanto, malia esta delimitación ser tan evidente, a Cerdanya está partida nada menos que entre dous estados-nación, con todo o que iso comporta, feito que por descartado non esqueceu en ningún momento Pau Vila (Paül e Giménez-Capdevila, 2022).

3. Apuntamentos metodolóxicos

Tal e como se acaba de amosar, o que se entende por “monografía” varía moito. Así, no propio Pau Vila, por exemplo, unha “monografía comarcal” pode ser un libro (caso de Vila, 1926) ou un capítulo de libro (Vila, 1930). Unha cuestión metodolóxica inicial, pois, é determinar cal é o noso corpus de estudo. Partimos da constatación de Roche (2010) en relación coa investigación en fontes documentais escritas en Xeografía: cómpre escoller aquelas que respondan a nosa pregunta de traballo. Tal e como tamén indica Roche (2010), un xeito válido de comezar consiste en partir da bibliografía secundaria existente sobre a materia, nese caso, as historias da investigación realizada no seo do Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela (De Torres e Lois González, 1999; Hernández Borge, 1999, 2002, 2017) e, como xa se anotaran máis arriba, as achegas de Santos (1999), García Álvarez (2002), Constenla (2005), Lois González e Trillo (2017), Durán (2019) e Paül (2019a, 2019b). En todos estes traballos procurabamos pescudar que textos poden ser considerados “monografías comarcais” e, polo tanto, seren incluídas no corpus analítico.

Finalmente, abranguemos 46 títulos, dos cales só 2 son artigos extensos. Nesta última categoría incluimos aqueles traballos que teñen apartados e subapartados, isto é, contan cun desenvolvemento que pode ser considerado monográfico. Exclúense, pois, aqueles textos científicos —tipo “notas” ou artigos breves— que non artellan propiamente un discurso sobre a identidade da comarca e os seus límites, nin a analizan de forma suficiente. Tamén excluimos aquelas Xeografías de Galiza que poden conter certo detalle —polo xeral, abofé, non demasiado— dunha determinada comarca. Otero Pedrayo e Fraguas serían un claro exemplo deste procedemento, xa que ambos os dous elaboran listaxes con centos de comarcas e, ás veces, abordan un chisco varias delas (Paül, 2019a; Otero Varela, 2023).

Non foi doado chegar a estes 46 títulos. 39 deles están na Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, aínda que en distintas bibliotecas e moitos deles sen acceso libre, en arquivos. Os restantes 7 foron facilitados directamente por, ou a través de contactos de, Francisco Durán, Julio Hernández Borge e José Manuel López Andión, ou pedíndoos aos propios autores, contactados vía correo-e cando iso foi posíbel.

En relación coa análise efectuada, metodoloxicamente aquí cómpre realizar dúas precisións. A primeira é sobre a análise dos contidos, que activa cuestións epistemolóxicas e mesmo ontolóxicas. Seguindo Ruiz Olabuénaga (1999, p. 123), entendemos os textos como “*huella de una interacción social pasada*” e a nosa propia interpretación, “*una construcción social y política ella misma, en la que interviene, no sólo el creador original del artefacto cultural, sino el investigador que lo lee posteriormente e interpreta*”. Polo tanto, non procuramos aquí unha análise obxectivista dos materiais, se tal cousa pode realizarse, senón abordarmos o traballo mediante unha perspectiva construtivista. En relación

coa categorización operada para a análise de contidos, ela permite clasificar os textos abranguidos nunha serie de núcleos temáticos que consideramos de interese (Duverger, 1996): presenza ou ausencia dun debate sobre os límites comarcais (e dunha cartografía ou narrativa *ad hoc*), relevancia concedida á dimensión paisaxística, presenza ou ausencia dunha subdivisión territorial interna dentro da comarca, etc. Novamente, estamos de acordo con Ruiz Olabuénaga (1999, p. 207) cando estipula que o contido dos textos é “*mucho más rico e imprevisible de lo que se puede determinar de antemano*” e que a nosa análise debe partir “*de un conjunto de normas inducido prácticamente*”, mais tamén “*de la orientación teórica que se aplica*”, de aí que tivese sentido neste traballo comezar por un marco teórico de partida. Cómpre indicar asemade que se reproduciu sempre a toponimia presente nos documentos, malia que estea deturpada na época da ditadura franquista.

A segunda precisión metodolóxica ten que ver coa agrupación dos textos analizados. Finalmente, optamos por artellalos mediante tres núcleos de resultados que serán expostos deseguido. Malia que sexan cronolóxicos, non hai que entendelos como produto dunha organización diacrónica, senón da análise dos contidos operada. A primeira monografía considerada é de 1927 e a última, de 1995. Cómpre recoñecer de antemán que o groso dos textos mobilizados (34 de 46) se corresponde co terceiro núcleo, maioritariamente traballos académicos e inéditos (n=29). Deste xeito, hai que advertir que no apartado de referencias finais só aparecen aqueles textos publicados como tales, mentres que este tipo de textos inéditos constan listados nas táboas 1 e 3. O límite final do período abranguido vén determinado por dúas cuestións. Dunha banda, tal e como indica a bibliografía específica sobre o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela xa aludida, nos anos 1990 deixan de realizarse traballos académicos comarcais como os presentados desde décadas antes. Pola outra, e esta é unha cuestión que non corresponde abordar aquí, mais que resulta fundamental na historia da cuestión comarcal en Galiza, os anos 1990 representan unha ruptura co pasado, ao implantarse institucionalmente na Xunta unha organización comarcal, polo que os anteriores significados asociados deixan de ter sentido (Otero Varela e Paül, 2020; Otero Varela, 2023).


4. Tres períodos de monografías comarcais

4.1. A(s) primeira(s) monografía(s) (anos 1920-1930)

A primeira obra comarcal que detectamos é de Vicente Risco, datada a finais dos anos 1920, cuns matices que debemos realizar. En verdade, trátase dun texto sobre unha vila, O Castro de Caldelas, topónimo que se traslada ao título; o seu subtítulo tamén resulta moi significativo: *monografía xeográfica i etnográfica d'unha vila da nosa terra*. No entanto, esta obra comeza cunha descrición

xeográfica sobre o ámbito comarcal, que denomina “Terra de Caldelas”. En efecto, Risco (1927, p. 55) sinala que a vila do Castro de Caldelas é a “cabeza de unha terra ou comarca natural ben coñecida”, mais subliña que non é doado determinar os seus lindeiros precisos. Malia iso, achega un esbozo en forma de mapa que permite identificar as parroquias que formarían a comarca (fig. 1). Asemade, baixo a rúbrica “pequena descripción xeográfica”, ofrece consideracións sobre o relevo (litoloxía e xeomorfoloxía) e, relacionadas con elas, sobre os usos do solo —cultivos, montes, etc.— e o poboamento da comarca que permiten caracterizala axiña nunha decena de páxinas inzadas de debuxos de “aspeutos” e “hourizontes” que resultan deliciosos (Risco, 1927, pp. 55-62).

Figura 1. As dúas primeiras “terras” obxecto de monografías publicadas nos anos 1920-1930



Fonte: Elaboración propia a partir de Risco (1927) e Otero Pedrayo (1933)

Temos que agardar á década seguinte, en particular a 1933, para atopar unha verdadeira monografía comarcal, que tamén designa a comarca obxecto de estudo como *terra*. Trátase da obra denominada *Terra de Melide*. Este traballo, que xa acada as proporcións dun libro, enmárcase dentro da vontade da institución editora, o Seminario de Estudos Galegos (SEG), de que “total-as rexións galegas terán de ser estudadas miudamente” —segundo consta na primeira páxina, non numerada e sen autoría, do volume—. Nesta sorte de prólogo tamén se indica que o SEG conta cun “programa” neste senso e que foi “emprinciado co estudo da Terra de Deza”, mais non consta que se chegase a publicar un estudo desta comarca.³ Finalmente, consta nese prólogo determinante, que “[f]oi escolmada a terra melidán pol-o seu recoñecido intrés arqueolóxico i hestórico e pol-a posición central na Galiza”. Deste xeito, xustificase o estudo sobre a Terra de Melide tanto pola atribución dunhas características intrínsecas non estritamente xeográficas mais históricas (arqueolóxicas incluídas) como pola situación, esta si xeográfica, dentro do país (fig. 1).

A monografía consta de oito partes de autorías múltiples (figuran once autores distintos), mais a estritamente xeográfica é a que ten a denominación homónima: “A Terra de Melide”, agora co artigo, a cargo do xeógrafo Otero Pedrayo (1933). De entrada, resulta irónico o xeito co que o autor comeza o seu labor. Así, indica que hai que “artellala na superior unidade a que pertescé”, posto que “non se manifesta como individuoalidade xeográfica ceibe d’abondo”, tal e como é o caso, segundo el, d’“a Limia”, “os chaos d’Amoeiro” ou “a terra de Bergantiños” (Otero Pedrayo, 1933, p. 9). Mesmo semella cuestionar o feito de que se trate dunha comarca ben definida ao sinalar que non se corresponde “siquer co comenzo de diferenciación que mostra un val máis ou menos independente” (p. 9). Porén, Otero Pedrayo (1933, p. 9) afirma que nela “[l]oce con craridade incomparabre a fisiognomía compreta i-eispresiva disas estesas rexións montesías da Galicia central que pol-o d’agora non teñen chamado demasiado a atención dos estudosos”. Novamente, aparece o argumento da Galicia central, considerada descoñecida, na que se indistinguen as comarcas; mais, unha delas, merece a atención da primeira monografía comarcal.

O estudo de Otero Pedrayo (1933) componse de oito breves capítulos. Alén da situación, que vimos de revisar, cinco destínanse a relevo: un moi breve de “idea xeral” para logo distinguir entre catro unidades xeomorfolóxicas distintas (montaña; penachaira; ribeira e bocarribeira do Ulla; e val do río Iso). Para cada unha enumera as parroquias que a formarían, o que resulta globalmente

3. Segundo Iglesias (2021), os traballos sobre O Deza estiveron moi avanzados, mais nunca chegaron a ver a luz con motivo do golpe de Estado en xullo de 1936 —e os orixinais tampouco se conservan, talvez pola destrución á que foi sometido o SEG (Gurriarán, 2006)—. Os argumentos que levarían ao SEG a considerar esta comarca como o seu segundo obxecto de estudo non quedan resoltos. Se atendemos ao esgrimido para a escolla da comarca de Melide, algúns como a súa posición central en Galicia tamén serían válidos neste caso. Porén, Iglesias (2021) apunta que a decisión pode estar detrás do presidente do SEG, S. Cabeza de León, que pasaba na comarca varias semanas de descanso no verán e que, polo tanto, tiña boas amizades entre a elite política comarcá. Tamén apunta que era o lugar de residencia dun dos máis destacados seminaristas: o astrónomo R. M^a Aller Ulloa.

nunha delimitación precisa da comarca (fig. 1). Estas catro unidades, ás que ás veces se refire como “bisbarras”, son tamén empregadas no seu texto para estruturar a explicación do sistema de poboamento en catro tipos de aldeas. A maiores, a vila de Melide, que considera unha entidade de poboación á parte cuxa influencia di que vai alén dos límites comarcais establecidos na propia monografía (fig. 1). Na parte final, hai dous capítulos —un sobre paisaxes e outro sobre camiños— que non empregan esta división cuatripartita en áreas definidas polo relevo, senón que teñen carácter puntual (paisaxes) ou lineal (camiños).

En fin, esta primeira fase conta cunha verdadeira monografía comarcal, a da Terra de Melide, acompañada doutra —a da Terra do Deza— que semella que estaba avanzada mais que non chegou a aparecer por mor da destrución do SEG (Iglesias, 2021). Adicionalmente, a da Terra de Caldelas non é estritamente unha monografía comarcal, aínda que a comarca apareza apuntada nunha obra que se chama precisamente *monografía*, mais centrada na súa vila cabeceira.

4.2. As monografías comarcais da escola oteriana (anos 1950-1960)

Tal e como xa se adiantou no apartado metodolóxico, non nos consta ningún texto estritamente monográfico comarcal —alén do xa mencionado sobre a Terra de Melide— que fose producido por Otero Pedrayo, o persoeiro central da Xeografía galega da época (Santos, 1999; García Álvarez, 2002; Constenla, 2005; Lois González e Trillo, 2017; Durán, 2019; Paül, 2019b). No entanto, o seu discípulo Río Barja, que presentou en 1953 a tese doutoral baixo a súa supervisión, aproveitou esta disertación para realizar unha indubidábel monografía comarcal denominada *La comarca natural de la Tierra Llana de Castro de Rey*, que se refire á comarca da Terra Chá (co corónimo non deturpado) (táboa 1). Este traballo é moi significativo, xa que constitúe, dentro do campo da Xeografía, a primeira tese de doutoramento elaborada en Galicia —malia que por motivos legais se tivo que defender en Madrid— (Hernández Borge, 1999, 2017).

No seu traballo, Río Barja fala dunha “Tierra Llana” en sentido amplo como unha das “*grandes unidades geomorfológicas de Galicia*”, mais logo di que se descendemos a “*un análisis más minucioso de los hechos geográficos, podemos distinguir con claridad dos comarcas dotadas de personalidad geográfica suficiente a constituir verdaderas unidades*” (p. 18), isto é, a “*comarca de Villalba*” e a “*Tierra Llana de Castro de Rey*”. Do estudo desta última é da que se encarga na súa investigación doutoral. Á hora de delimitala, este académico apunta a que a súa demarcación presenta gran dificultade. En primeiro lugar, bota man de elementos do medio físico, o que o leva a valerse principalmente das bacías hidrográficas. Di que os límites da comarca coinciden case totalmente cos afluentes do Miño Alto, sen chegar a fixalos de maneira precisa. Porén, logo, á hora de abordar o estudo da poboación, achega unha delimitación máis clara na que segue os límites parroquiais (fig. 2).


Táboa 1. Monografías comarcais inéditas nos anos 1950-1960

Data	Autor	Obra
1950	S. Parga Pondal	<i>Comarca natural de Bergantiños</i>
1953	F. J. Río Barja	<i>La comarca natural de Tierra Llana de Castro de Rey (Lugo)</i>
1954	E. Ramos de Castro	<i>El valle de Sarria</i>
1955	M ^a R. Castells Vila	<i>Viana del Bollo y su partido judicial</i>
1957	M. Varela Bastón	<i>Estudio geográfico-económico de la comarca del Xallas</i>
1958	G. B. Prieto Rodríguez	<i>Tuy y la Geografía de su comarca</i>
1960	M ^a R. Castells Vila	<i>La comarca natural de Viana del Bollo: algunos factores físicos y humanos</i>
	M. Rguez-Cadarso Cobas	<i>Economía del vino en el valle del Salnés</i>
1964	M. Carbajales Iglesias	<i>La economía del lúpulo en Las Mariñas</i>

Fonte: Elaboración propia

En relación coa estrutura desta monografía seminal, logo de analizar a “*situación y delimitación*”, achega sete apartados: “*Geografía física*”, no que aborda o relevo, a hidrografía, o clima e o solo; “*Biogeografía*”, centrado na flora, na fauna e na paisaxe; “*Geografía económica*”, isto é, agricultura, gandaría, minaría, artesanía ou vías de comunicación; “*Geografía humana*”, ao redor da cuestión demográfica; “*Etnografía*”, no que trata, entre outros, aspectos tales como sociedade, literatura, mitoloxía ou lingua; e, contra o final, dous capítulos acerca de divisións eclesiásticas e administrativas, respectivamente.

Cónstannos breves estudos posteriores de Río Barja sobre A Terra Chá, xa centrados tematicamente en aspectos concretos, que desbotamos a efectos analíticos de acordo co devandito no apartado metodolóxico. En cambio, si que presenta un interese central para esta investigación *El valle de la Maía: estudio de Geografía económica* (Río Barja, 1962), novamente co corónimo da Maía deturpado. Cómpre indicar que este xeógrafo xa se iniciara anos antes no estudo sobre esta comarca con algunhas “notas” ao respecto, mais só á achega de 1962 atribuímoslle carácter de monografía comarcal. Para a identificación desta comarca, o autor convida a subir a un punto elevado da cidade compostelá para decatarse de que ao seu redor se distinguen comarcas diferentes, unha delas a que é obxecto de estudo. Así, di que esta “comarca natural” coincide coa parte alta do val do río Sar —na inferior identifica a “*vega de Padrón*”—. En todo caso, Río Barja (1962) achega uns límites precisos para a comarca da Maía que reproducimos na fig. 2. Nesta ocasión, os contidos contemplados na monografía comarcal, publicada como artigo extenso, son os seguintes: logo de considerar a situación da comarca, realiza tres grandes bloques denominados “factores”; os “naturais” inclúen relevo, hidrografía e clima; os “económicos” abranguen da vivenda e o sector primario ás feiras, o sector secundario e as comunicacións; os “sociais” correspóndense con poboación e clases sociais.

Figura 2. As monografías rexionais do segundo período (anos 1950-1960)

Fonte: Elaboración propia a partir de Río Barja (1962) e táboa 1

Unha achega moi relevante de Río Barja ao tema da comarcalización de Galiza é o seu *Programa para el estudio de las comarcas naturales*, publicado en 1958 dentro do primeiro número da *Revista de Economía de Galicia*. O xeógrafo lugués, que reivindica na importancia de Vidal de La Blache, sinala a carencia de estudos xeográficos en Galicia e, de xeito particular, de monografías comarcais. Nas súas palabras, “*faltan casi en absoluto [...] los estudios de*

sus comarcas naturales [de Galicia] que ayuden a definir nitidamente las propias características de nuestra región” (Río Barja, 1958, p. 22).

Para a elaboración das areladas monografías comarcais formula unha guía formada por cinco bloques (táboa 2). O primeiro está dedicado aos aspectos naturais do medio e propón a análise do solo, o clima e a hidrografía. O segundo punto está destinado á vexetación, que procura tratar de xeito separado do primeiro bloque. No terceiro, o obxecto de estudo son os sectores económicos, isto é, a agricultura —que ocuparía a maior parte da análise—, a industria, o comercio e os transportes. Os aspectos sociais, no que fai á demografía, asentamentos, relacións sociais, vivenda ou organización da propiedade, son tratados no cuarto bloque. O último dos apartados estaría formado pola parte documental e estatística dos aspectos analizados nos bloques anteriores. Cómpre dicir que Río Barja ía protagonizar a sección comarcal da *Revista de Economía de Galicia*, mesmo con traballos seus referidos á comarca da Maía, de xeito que se pode entender este “programa” como un intento de fixar o canon analítico comarcal en Galiza, isto é, de modular como as monografías comarcais debían ser resolvidas. Pola análise realizada, quedou nunha mera intención programática. Neste senso, a maior parte das publicacións desta sección da revista tiveron por obxectivo de estudo un só concello.

Táboa 2. Programa fixado por Río Barja para o estudo das comarcas

I. Factores naturais da actividade humana	a. Solo b. Clima c. Augas
II. Bioxeografía	a. Vexetación
III. Actividades económicas	a. Estrutura agraria da comarca no século XVIII b. Evolución da estrutura agraria no século XIX c. Momento actual d. Cultivos fundamentais e. Técnicas agrícolas f. Gandaría g. Industrias e oficios h. Feiras e mercados i. Transportes
IV. Feitos sociais	a. Clases sociais b. Organización da propiedade c. Relacións xurídicas d. Relacións sociais e. Poboación f. Núcleos de poboación e vivenda
V. Parte documental	(Solo, clima, augas, bioxeografía, actividades económicas, poboación, vivenda)

Fonte: Río Barja (1958)

Alén dos traballos de Río Barja, nas décadas de 1950 e 1960, son varias as memorias de licenciatura e teses de doutoramento presentadas no seo do Departamento de Xeografía da USC que desenvolven as súas análises sobre ámbitos territoriais de escala comarcal (Hernández Borge, 1999, 2002), tal e como consta na táboa 1. O total de traballos que localizamos referidos á devandita escala son sete, dos cales cinco corresponden a memorias de licenciatura e dúas a teses de doutoramento. Todos estas investigacións teñen que común que foron titorizadas ou ben por Otero Pedrayo ou ben por Río Barja.

O primeiro traballo deste tipo é o estudo xeográfico que Ramos de Castro realiza sobre o “*valle de Sarria*” en 1954 (táboa 1), baixo a dirección do flamante doutor Río Barja. Explica no prólogo da súa memoria de licenciatura que escolle realizar este tipo de investigación por considerala de interese para o avance da cultura de Galicia. Sinala que o val de Sarria, ao que tamén chama “*Tierra de Sarria*”, consiste nunha “*región natural*” que coincide coa bacía dos ríos Neira e Sarria. Logo, precisa os límites por parroquias, o que permite cartografala con precisión (fig. 2). Esta monografía distribúese en cinco capítulos, a saber: aspectos de xeografía física —agás a bioxeografía—; bioxeografía; economía; antropoxeografía (con esta denominación, achega unha mestura de poboación, folklore, cultura, etc.); e paisaxe. Deste xeito, os tres primeiros apartados gardan relación co programa que anos despois defendería o mesmo Río Barja (1958) listado na táboa 2. Porén, os seus capítulos cuarto e quinto discrepan da estrutura logo establecida por Río Barja (1958).

De acordo con esta investigación, a primeira tese de doutoramento sobre Xeografía presentada na USC —como xa indicamos, a de Río Barja fora defendida en Madrid— consiste nun estudo xeográfico sobre un ámbito de escala comarcal. Trátase do traballo de Prieto Rodríguez sobre *Tuy y su comarca* que data de 1958 (táboa 1) e que ten a Otero Pedrayo por director. A autora explica ao comezo da súa investigación que un traballo minucioso sobre unha “comarca natural” como o que ela presenta require dun proceso longo e complexo de análise e observación para “*captar su verdadera fisonomía geográfica [...] y, así mismo, de los matices que caracterizan su personalidad frente a otras regiones similares*” (p. 1). A comarca de Tui é presentada como unha “*verdadera región natural y a la vez humana*” (p. 2), mais cuxa delimitación advirte certos problemas a causa de constituír un espazo pouco coñecido e estudado por outros autores. Malia isto, explica que segue a “opinión” de Otero Pedrayo a presenta un ámbito comarcal de límites definidos agrupando catro concellos (fig. 2). A doutora achega catro bloques de contidos: factores naturais (relevo, solo, clima, hidrografía, etc.); bioxeografía (paisaxe, principalmente); actividades económicas (sectores de actividade, vías de comunicación, etc.); e factores humanos (poboación, hábitat, vivenda, etc.). Esta distribución temática lembra moito o modelo fixado por Río Barja (1958) (táboa 2).

Outra tese de doutoramento que tamén pescuda sobre un ámbito de escala comarcal é a que presenta Castells Vila sobre *La comarca natural de Viana del*

Bollo en 1960 baixo a dirección de Otero Pedrayo; esta investigación ten a súa orixe na memoria de licenciatura que a autora presentara en 1955 sobre *Viana del Bollo y su partido judicial* (táboa 1). No prólogo, Otero Pedrayo sinala que se trata dun traballo moi significativo ao presentar “*una región desvelada con [...] respeto, [...] amor y [...] saber*” (pp. 15-16). No que fai á delimitación, Castells Vila circunscribe a comarca aos cinco concellos que conformaban o antigo partido xudicial de Viana do Bolo (fig. 2). Neste contexto, explica que poñer límites a “*cualquier comarca natural de nuestra Región presenta dificultades. [...] Hay siempre características de una comarca, que cabalgan sobre otras unidades geográficas, es decir, zonas de tránsito que borran los caracteres típicos antes de pasar a la comarca próxima*” (p. 3). A obra consta de 15 capítulos que podemos agrupar en dous bloques: dunha banda, relativos ao medio físico (xeoloxía, orografía, hidrografía, clima, paisaxe, etc.); da outra, de xeografía humana (sociedade, etnografía e folklore, historia, producións económicas, comunicacións, etc.).

Sobre a “*comarca del Xallas*” presentou Varela Bastón a súa memoria de licenciatura en 1957 baixo a dirección do profesor Río Barja (táboa 1). Na explicación previa da investigación, o autor sinala os límites da comarca en base ás parroquias que acha que a forman (fig. 2). Explica que segue as indicacións dadas por Otero Pedrayo (1926) na súa *Guía de Galicia* cando este di que as unidades comarcais se individualizan por unha combinación de distintos factores, mais que é un determinado factor o que “acompaña” e “unifica” o resto. Así, Varela Bastón explica que o “*factor orográfico [é] [...] en esta ocasión, elemento aglutinante*” (p. 1). A estrutura da obra consta de catro capítulos, tres novamente denominados “factores” (físicos, económicos e sociais) e un último dedicado á industria. Agás neste capítulo final discrepante, vemos que se vai reiterando a mesma orde analítica neste período de monografías.

Na década dos 1960, Rodríguez-Cadarso Cobas e Carbajales Iglesias presentan cadansúas memorias de licenciatura sobre “*el valle del Salnés*” e “*Las Mariñas*”, respectivamente (táboa 1; fig. 2). Ambas as dúas, orientadas por Río Barja, son substancialmente diferentes dos anteriores, posto que centran o seu estudo na análise dun elemento concreto ao que se subordinan o resto. Así, o primeiro aborda a economía do viño, mentres que o segundo se dedica á economía do lúpulo. No entanto, ambas as dúas xeógrafas estruturan o seu estudo en dous bloques: dunha banda, o medio físico, da outra, máis extensamente, os aspectos económicos do cultivo principal (técnicas agrícolas, mercados, influencia do clima, evolución do cultivo, etc.).

Alén destes traballos sobre ámbitos comarcais realizados e dirixidos desde o Departamento de Xeografía da USC, cómpre engadir nesta fase outra investigación doutoral que, se ben non se realizou desde a esfera xeográfica, si se trata, sen lugar a dúbidas, dunha monografía comarcal. En 1950, S. Parga Pondal defende a súa tese de doutoramento intitulada *Comarca natural de Bergantiños* —baixo a dirección do historiador Montero Díaz—. Na presentación da obra, este estudoso reivindica o papel de Dantín Cereceda,

ao que se refire como “*el nunca bien llorado maestro*”; reconece, asemade, a importancia de identificar e analizar as distintas comarcas como único xeito de achegar unha visión precisa e completa do país: “*solo mediante monografías descriptivas de pequenas comarcas, puede llegar a ser algún día realidad feliz, una auténtica y exhaustiva geografía nacional*” (p. 1). Respecto á comarca de Bergantiños, “*verdadera comarca natural*”, achega un territorio definido en base ás parroquias que a forman (fig. 2). A obra estrutúrase en cinco capítulos: demarcación xeográfica; xeografía física; fitoxeografía, zooxeografía e paisaxe; xeografía económica; e xeografía humana. Novamente, observamos unha forte relación co esquema de Río Barja (1958) publicado varios anos despois (táboa 2).

4.3. As monografías comarcais dos anos 1970-1980

Entre 1973 e 1995 preséntanse varias monografías comarcais, elaboradas no seo do Departamento de Xeografía, logo da xubilación de Otero Pedrayo en 1958 e coa ulterior chegada á cátedra de Xeografía de M. R. Miralbés Bedera e, logo, de M. P. De Torres (Hernández Borge, 1999, 2002, 2017; Santos, 1999; De Torres e Lois González, 1999; Constenla, 2005; Paül, 2019a). Estas profesoras reconecen estar infundindo nas aulas a súa elaboración. Canda o director de tese da primeira delas —e director do director da segunda, A. Floristán—, literalmente estipulan que a “*definitiva división geográfica en comarcas*” debe xurdir d’“*una serie de monografías*” (Casas Torres *et al.*, 1976, p. 11). Deste xeito, elas dirixen a maior parte das 29 teses e tesinas que consideramos que apuntan nesta dirección (táboa 3), como tamén se declara nalgunha delas. Velaquí unha mostra expresiva, nunha monografía dedicada a Redondela e a súa contorna: “*El presente estudio geográfico [...] se enmarca en la tónica de los trabajos que se están llevando a cabo en el Departamento de Geografía [...] con el objetivo de contribuir al estudio de la región gallega*” (Fernández Piñeiro, 1981, p. 7; táboa 3). Cronoloxicamente, aínda que se recolla na táboa 3 algunha monografía dos anos 1990, hai que situar o esplendor deste tipo de textos nos anos 1970 e 1980, en coherencia co xa dito neste senso por Hernández Borge (1999, 2002, 2017) e De Torres e Lois González (1999).

Táboa 3. Monografías comarcais inéditas correspondentes coas memorias de licenciatura e teses de doutoramento dirixidas desde o Departamento de Xeografía (1973-1995)

Data	Autor	Obra
1973	R. G. Romani Barrientos	<i>La comarca de Finisterre: estudio de Geografía agraria</i>
1974	J. R. Chantada Acosta	<i>El Bajo Miño: estudio de Geografía agraria</i>
1975	J. Pose Vidal	<i>La comarca de Bergantiños: estudio de Geografía agraria</i>


Data	Autor	Obra
1977	L. Guitián Rivera	<i>La península de Barbanza: contribución al estudio de la Geografía agraria de Galicia</i>
	A. Pérez Alberti	<i>La comarca del Ribeiro: estudio de Geografía física</i>
1978	J. M. López Andión	<i>Estructura y morfología agraria en la Terra Chá</i>
	X. M. Souto González	<i>El hombre y sus actividades en el valle Miñor: estudio geográfico</i>
1979	E. Sánchez Recio	<i>El valle del Miñor: contribución al estudio de la Geografía agraria en la Galicia meridional</i>
	M ^a C. Fernández Freire	<i>Aplicación de criterios demográficos en la delimitación del área metropolitana de Vigo</i>
	M ^a T. Fernández Piñeiro	<i>Redondela y su área de influencia</i>
	P. García Pita	<i>Aplicación de los criterios residencial y servicios en la delimitación del área metropolitana de La Coruña: estudio de Geografía urbana</i>
1981	L. de la Puente Fernández	<i>Situación agraria de la comarca de La Limia</i>
	M. Rodríguez Cudeiro	<i>Los lugares centrales en la mitad septentrional de la meseta lucense (Terra Chá)</i>
	M ^a T. Rodríguez Facal	<i>Betanzos y su área de influencia</i>
	M. J. Santos Ledo	<i>Estudio del área metropolitana de La Coruña: aplicación de criterios de tipo industrial</i>
1982	U. Cortés Couselo	<i>Los cultivos de primicias y la vid en el valle del Salnés: contribución a la Geografía rural de Galicia</i>
	E. Domínguez Rial	<i>Los lugares centrales en la comarca de Xallas</i>
	G. Gómez Nieto	<i>El valle de Verín: estudio de Geografía agraria</i>
	M ^a P. González Gallego	<i>Carballino y su área de influencia</i>
1984	J. A. Álvarez Rodríguez	<i>La población y los asentamientos rurales en la comarca de Viana del Bollo</i>
	S. Fernández Abel	<i>La población y los asentamientos rurales en el alto Ulla</i>
	R. C. Lois González	<i>La ganadería en la Ulloa: repercusiones en los paisajes agrarios</i>
1985	U. Fra Paleo	<i>Estudio de Geografía agraria de un sector de la Mariña lucense occidental</i>
	J. M ^a López Vizoso	<i>El Ferrol y su entorno comarcal</i>
1986	F. García Pazos	<i>Las Mariñas dos Freires: influencias experimentadas en el paisaje rural en las últimas décadas</i>
1988	P. García Vidal	<i>Noia: Xeografía urbana e área de influencia</i>
1989	A. Campillo Ruiz	<i>Estudio de reconocimiento y diagnóstico de la comarca de Arzúa-Melide</i>
1994	J. A. Pérez Sánchez	<i>Las actividades agropecuarias y pesqueras en la ría de Arousa: dinámica e incidencia territorial</i>
1995	F. J. Fumega Piñeiro	<i>Dinámica espacial en la tierra de O Carballiño</i>

Este conxunto de monografías comarcais inéditas coincide en varios puntos. O primeiro é a dificultade de asentaren as respectivas delimitacións comarcais, o que comporta que en moitas delas haxa non poucas consideracións ao respecto. En segundo lugar, salienta que estas unidades comarcais adoitan ser delimitadas como sumatorio de concellos, a diferenza de moitas das monografías previas, de base parroquial, porque recoñecen precisaren estatísticas a nivel municipal. Neste senso, constatamos, a diferenza das monografías anteriores, unha teima pola procura (e xeración) de datos cuantitativos. De feito, algúns dos autores destas monografías manifestan que a delimitación a nivel parroquial sería máis apropiada. O terceiro punto de encontro ao respecto do tratamento comarcal neste período analítico, con algunhas excepcións, é o rexeitamento a equiparar a unidade comarcal co partido xudicial —de escala comarcal e de límites coñecidos—; así, en relación coa Terra Chá, López Andión (1978, p. 6; táboa 3) sostén que “*el partido judicial, que sería la unidad administrativa más próxima, en cuanto a su extensión, a la comarca, no coincide con ella, como en tantos otros casos*”. En último lugar, a cuestión que comparten case todas estas monografías é o seu carácter temático: deixan de ser, así, monografías rexionais como até finais dos anos 1950 e, en principio, pasan a centrarse nun determinado aspecto. Porén, como veremos deseguido, a vixencia das propiedades básicas das monografías comarcais resulta manifesta.

O maior caudal destas tesinas son de temática agraria e rural (n=15), confirmando o que xa concluíran De Torres e Lois González (1999) e Paül (2019a). Resulta imposible realizar un balanço delas, mais na fig. 3 pódense ver todos estes ámbitos comarcais estudados deste xeito. Nestes traballos abórdanse por norma aspectos considerados estruturais (propiedade, unidades e sistemas de explotación, etc.), morfolóxicos (cultivos, técnicas, parcelas, etc.), de “hábitat” (poboamento, vivenda, etc.) e, frecuentemente, de paisaxe. Moitos deles tamén achegan uns capítulos introdutorios sobre o medio físico e/ou humano. Desde finais dos anos 1970, en particular desde o traballo de X. M. Souto González sobre o Val Miñor en 1978 (táboa 3), as cuestións demográficas e mesmo urbanas van gañando terreo, en detrimento dos contidos estritamente pertencentes ao medio físico. Amais, as monografías vanse centrando na análise dun aspecto moi específico da Xeografía Agraria/Rural dunha comarca dada. É o caso da tesina de R. C. Lois González sobre a gandaría na Ulloa, defendida en 1984 (táboa 3). *A posteriori* publicada como libro xa en lingua galega (Lois González, 1988), malia efectivamente estar centrada no gando, mantén un capítulo inicial de “condicionantes naturais” e “caracterización humana da bisbarra” que resulta moi indicativo.

En relación co que se vén de afirmar, nos anos 1980 comezan a emerxer traballos que se centran máis nas comarcas en tanto que áreas funcionais (n=9), nomeadamente todas aquelas que toman por título o nome dunha vila “*y su área influencia*”, mais tamén as que xa abordan unha área metropolitana así chamada (táboa 3). Aínda que nestes traballos os aspectos centrais pasan a

Figura 3. Comarcas nas memorias de licenciatura e teses de doutoramento dirixidas desde o Departamento de Xeografía (1973-1995)



Fonte: Elaboración propia a partir de García Pita (1986), De Uña (1988a, 1988b, 1990), Vázquez Cernadas (1989) e táboa 3

ser os relativos a xerarquías de núcleos de poboación, funcións deses núcleos e áreas de influencia/áreas comerciais, atopamos ás veces contidos relativos ao medio físico e, asemade, un esforzo subxacente pola delimitación do ámbito comarcal, que se considera que sustenta a súa individualidade.

Unha excepción entre todas estas achegas abranguidas neste terceiro grupo pon o fincapé na Xeografía Física: a de A. Pérez Alberti sobre O Ribeiro de 1977 (táboa 3). Trátase, pois, dunha sorte de monografía comarcal físico-natural que prima aspectos do medio físico tales como relevo, clima, litoloxía, tectónica, etc. Agora ben, os argumentos humanos tamén xorden nela (usos do solo, correspondencia ou non cos límites político-administrativos, etc.) e o autor teima de feito en delimitar ben o ámbito comarcal, o que proba a vontade de participar aínda no debate nesta dirección.

Finalmente, engadimos neste último período cinco estudos comarcais publicados polas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación da Coruña e de Santiago entre finais da década dos 1980 e comezos dos 1990. Todos eles son realizados por xeógrafos: García Pita (1986) encárgase da comarca de Carballo; De Uña (1988a, 1988b, 1990), das comarcas de Betanzos, Vimianzo-Baio e Santiago; e Vázquez Cernadas (1989) da de Ordes-Val do Dubra (fig. 3). Todas estas obras contan coa mesma estrutura organizativa: medio físico, antecedentes históricos, poboación, análise económica sectorial e organización do espazo (infraestruturas, equipamentos, urbanización, comunicacións, etc.). Respecto da delimitación, recoñecen tomala de Miralbés *et al.* (1983), o que demostra até que punto toda esta xeración de monografías comarcais resulta coherente cos traballos de proposta de mapa comarcal acometidos polo Departamento de Xeografía nas décadas de 1970 e 1980 (Otero Varela e Paül, 2020; Otero Varela, 2023).

5. Discusión e conclusións

O obxectivo deste artigo consiste en determinar se o “novo xénero específico e distinto” —así denominado, como viamos ao comezo destas páxinas, por unha das súas máis coñecidas estudosas (Ozouf-Marignier, 2003) e un dos seus principais autores en Cataluña (Vila, 1926)— das monografías rexionais/comarcais existiu en Galiza. En termos xerais, tendo en conta o corpus analizado, poderíamos responder que o houbo, mais esta constatación inicial require dun debate científico sosegado, que deseguido levaremos a cabo tomando as tres fases analíticas mediante as que artellamos o apartado principal desta achega.

De entrada, a primeira das etapas expresa máis unha potencialidade có que realmente chegou a ser. En efecto, só existe unha monografía comarcal que se poida considerar como tal (a da Terra de Melide), puido haber outra mais quedou truncada polo golpe de estado de 1936 (a da Terra do Deza) e contemplamos unha terceira que estritamente non o é porque en verdade se centra nunha vila, malia que en parte conteña aspectos que a fan asimilábel (a da Terra de Caldelas). Alén disto, a primeira conta cun apartado xeográfico, abofé, mais participa dun proxecto claramente interdisciplinario. Sexa como for, cómpre subliñar que estas monografías presentan unha serie de características que as

aproximan, e moito, ao modelo francés e ao catalán. Para comezar, a presenza equilibrada nelas dos contidos físicos, humanos e (sub)rexionais (Sautter, 1961; García Álvarez, 2006), que advertiramos á perfección, e con esta orde mallada, en Vila (1926), aínda que Otero Pedrayo (1933), a monografía máis substantiva deste período, prefira ante todo dividir a comarca en catro partes e artellar a esa escala subcomarcal os aspectos físicos e humanos. En segundo lugar, pola relevancia concedida á paisaxe na explicación de cadansúas comarcas e as súas respectivas singularidades, o que se atopa nos referentes franceses e cataláns (Buttimer, 1971; Capel, 1981; Ortega Cantero, 2005; Claval, 2006; Paül, 2017a). En terceiro lugar, por mor do exercicio deliberado de delimitación comarcal —tamén presente nos canons francés e catalán (Buttimer, 1971; Ozouf-Marignier, 2003; García Álvarez, 2006; Paül, 2017a)—, explícito tanto en Risco (1927) para a Terra de Caldelas como en Otero Pedrayo (1933) para a de Melide.

A nosa interpretación deste primeiro período —insistimos que unha mera insinuación do que puido chegar a ser— é moi debedora daqueles autores que subliñaron os vencellos entre ideoloxía política e Xeografía Rexional (Lacoste, 1976; Lencioni, 1999; Ortega Cantero, 2005; Claval, 2006; Paül, 2017a). En efecto, esta xeración explícase polo clima intelectual do SEG, onde o proxecto moderno da construción dunha nova Galiza en todos os planos imaxinábeis, a estima pola identidade propia nas súas distintas dimensións (histórica, lingüística, antropolóxica... e territorial) e a ciencia máis avanzada do momento, Xeografía incluída, déronse a man (García Álvarez, 2002; Gurriarán, 2006; Lois González e Trillo, 2017; Paül, 2017b, 2019b; Durán, 2019; Iglesias, 2021). Se as monografías constituían a vangarda científica da Xeografía, resulta agardábel que se tomasen daquela como ferramenta para contribuír a modernizar o país. Asemade, permitían recoñecer a identidade propia (imprentada na paisaxe, por exemplo). Neste sentido, a reivindicación da escala comarcal hai que entendela como ideolóxica e tinguida dunhas determinadas ambicións políticas (Paül, 2019a; Otero Varela, 2023), o cal resulta coherente co acontecido neste eido en Cataluña (Burgueño, 2003; Paül, 2017a; Bertran, 2021). Este artigo demostra, en fin, que esa reivindicación foi alén de proclamas programáticas e tentouse materializar en monografías *ad hoc* que se pretendía que conformasen unha secuencia, a cal quedou axiña truncada.

No que fai ao segundo período analítico considerado, destaca a adscrición que boa parte das monografías desenvolvidas amosan ao esquema de Río Barja (1958), xa sexa *ex ante* ou *ex post*. Esta correspondencia non é estraña, dado que o seu autor, xunto con Otero Pedrayo e Fraguas, son os xeógrafos que protagonizan este segundo momento. O procedemento de Río Barja (1958) de fixar unha estrutura modélica para as monografías comarcais non é orixinal. Porén, chega con retraso en relación cos seus análogos cataláns, quer Pau Vila a comezos dos anos 1920 por influxo directo dos xeógrafos franceses Demangeon e Blanchard (Oliveras, 2020) —xa materializada na súa mono-

grafía da Cerdanya (Vila, 1926)—, quer Santaló (1923), cuxo papel na Xeografía catalá foi debatido por Casassas (1991) e Burgueño (2003), entre outros. Neste sentido, a Xeografía galega incorpórase tarde a esta onda, de feito xusto cando cronoloxicamente a nivel internacional xa impactou o coñecido texto de Schaefer (1953). Este autor pretendeu rachar de forma contundente coa Xeografía Rexional precedente, monografías incluídas; noutras palabras, é coma se a moda chegase algo tarde a terras galegas. De todos os xeitos, a estrutura de Río Barja (1958) non reproduce cuspidos o canon monográfico perfectamente exposto por Sautter (1961) e García Álvarez (2006), o que lle confire unha certa orixinalidade; por exemplo, separa a vexetación/bioxeografía do apartado do medio físico, concédelle grande importancia ás actividades económicas e presenta unha abordaxe das cuestións sociais máis decidida e avanzada ca no esplendor vidaliano. As monografías analizadas nesta fase presentan, en fin, un certo equilibrio entre aspectos físicos e humanos; isto, nin que sexa a nivel aparente, permite manter a través da Xeografía Rexional a unidade da disciplina (Capel, 1981; Lencioni, 1999).

Volvendo á dimensión ideolóxica destas monografías traballadas, tal e como Paül (2017a) indicou na súa interpretación dun texto central na Xeografía catalá publicado de cheo na ditadura franquista, no segundo período analítico aquí establecido as expresións ideolóxicas tiveron que ser por forza moi disimuladas. De feito, custa atopalas, alén da mera reivindicación da investigación monográfica comarcal, que pode mesmo ser interpretada en termos políticos e ideolóxicos. Paül (2019a) ocupouse do caso de Fraguas, aínda que este autor non escribise estritamente unha monografía comarcal das aquí estudadas. En todo caso, tal e como sinalan Santos (1999) ou Constenla (2005), trátase dun período moi difícil no que o relato nacionalista español domina a escena académica e intelectual no contexto do franquismo, por moito que os tres xeógrafos protagonistas non comulguen con el e mesmo sufran represión en distintas intensidades. Amais, estas monografías non transcenden case, pois quedan confinadas ao ámbito académico (táboa 1), a diferenza dos dous traballos da época anterior, que foran publicados como tales.

O terceiro período distánciase arreo dos dous anteriores. En primeiro lugar, a nivel de contidos, as monografías da última das etapas analizadas amosan unha evidente preferencia temática, o que lles fai romper coa teórica estrutura equilibrada herdada (Sautter, 1961; García Álvarez, 2006). No entanto, non son poucos os textos que manteñen a presenza de todos os contidos tradicionais—físicos, humanos e subrexionais—, malia que distribuídos desigualmente ao cinguírense a un deles, o a unha subdivisión deles. Doutra banda, a preponderancia da abordaxe da Xeografía Agraria/Rural comporta nesta altura unha atención maiúscula ás paisaxes, o que pode ser lido como unha certa continuidade coas etapas precedentes (Buttimer, 1971; Paül, 2008, 2017a). Sexa como for, a unidade arelada para a disciplina a través do recurso ás monografías rexionais semella aquí pórse en cuestión, como de feito naquela altura sostiña Reynaud

(1974) ao xulgala de “mito”. En termos semellantes maniféstase aqueles mesmos anos Lacoste (1976). Non era, cómpre dicilo, un asunto totalmente novo, como as interpretacións discrepantes de Burgueño (2003) e Tort (2019) sobre Vila (1926) revisadas máis arriba permiten dar a entender.

A segunda diferenza principal entre esta xeración de monografías e as anteriores é o papel que acadan nestas últimas os datos cuantitativos. Isto está en clara correspondencia coa Xeografía que se abre paso desde comezos dos anos 1950 (Capel, 1981; Holt Jensen, 1981; Lencioni, 1999; García Álvarez, 2006), mais, novamente, hai que subliñar a fenda cronolóxica dun par de décadas instaurada entre a Xeografía mundial, dunha banda, e a galega, da outra. Esta abordaxe practicada neste terceiro estadio implica, en boa medida, que se perda parte da argumentación posíbel en relación con aspectos centrais da Xeografía Rexional clásica. En efecto, por exemplo, as demarcacións comarcais propostas e/ou mobilizadas veñen en boa medida determinadas pola dispoñibilidade de datos —polo xeral, a escala municipal— e desaparece deste xeito o tradicional debate sobre os límites, pois dalgunha forma resultan prefixados. Tamén a teima que se rexistra nesta época polo establecemento de rexións funcionais afasta este núcleo de traballos da tradición previa, mais resulta coherente coas características da Xeografía Rexional que se abre paso a partir dos anos 1960 (Lencioni, 1999; García Álvarez, 2006).

Se practicamos unha interpretación profunda destes produtos escritos durante o terceiro período considerado, e tal e como xa citamos máis arriba, declárase que en boa medida todo este esforzo contribúe a un mesmo proxecto do Departamento de Xeografía dirixido a asentir o mapa comarcal galego. No entanto, non se poden esquecer as coordenadas ideolóxicas das dúas profesoras que comandan estes traballos, expostas sagazmente por Santos (1999), Constenla (2005) ou Paül (2019a), entre outros. Nesta época os significados que o debate comarcal, e polo tanto a súa expresión a través de monografías, puidesen ter no pasado son borrados para seren substituídos por un pretendido sustento aséptico e tecnocrático. O propio carácter inédito da inmensa maior parte das monografías desta época (táboa 3) xa evidencia que a súa difusión alén do ámbito académico, e polo tanto o seu impacto social, foi escasa. Que Otero Pedrayo estivese fóra da universidade desde finais dos anos 1950 e que Río Barja e Fraguas, os seus continuadores e discípulos, acabasen lonxe do Departamento de Xeografía deixou un nicho que foi ocupado axiña. Asemade, nesta última etapa incluímos cinco monografías comarcais, estas si publicadas (García Pita, 1986; De Uña, 1988a, 1988b, 1990; Vázquez Cernadas, 1989), que responden a este marco ao pretenderen, no fundamental, producir información útil para o sistema económico imperante. O galeguismo declarado ou subxacente, en fin, resulta preterido.

Con esta contribución pensamos que puidemos ir alén do pouco que hai estudado sobre historia da Xeografía de Galiza —desde García Álvarez (2002), achegas illadas tales como Constenla (2005), Lois González e Trillo (2017),

Durán (2019) ou Paül (2019a)—, apostando por considerar tamén a súa inserción nas correntes internacionais, como neste caso é a difusión dun determinado tipo de texto. En definitiva, as monografías comarcais en Galiza foron un xénero moi modesto que circulou escasamente, sobre todo ao comparalo co seu desenvolvemento e difusión en Francia ou Cataluña. No entanto, seguen a ser unha fecunda leira de investigación xeográfica sobre a que aínda podemos pescudar moito máis.

Referencias

- AUERBACH, Bertrand (1893). *Le plateau lorrain. Essai de géographie régionale*. París/Nancy: Berger-Levrault.
- BERTRAN, Enric [coord.] (2021). *L'esguard de la Societat Catalana de Geografia (1935-2020)*. Barcelona: Societat Catalana de Geografia.
- BURGUEÑO, Jesús (2003). *Història de la divisió comarcal*. Barcelona: Rafael Dalmau.
- BUTTIMER, Anne (1971). *Society and Milieu in the French Geographic Tradition*. Chicago: Rand McNall.
- CAPEL, Horacio (1981). *Filosofía y ciencia en la Geografía contemporánea. Una introducción a la Geografía*. Barcelona: Barcanova.
- CASAS TORRES, Manuel; María Rosario MIRALBÉS; María Pilar de TORRES (1976). *Galicia: mapa e índices de localización geográfica de sus parroquias*. Santiago de Compostela: Departamento de Geografía/Instituto de Geografía Aplicada.
- CASASSAS, Lluís (1991). “Sobre l’anàlisi comarcal i la seva vigència”, en Gelasio NOGUEIRA; Joan TORT. *Les Garrigues. Estructura territorial, demogràfica i econòmica*. Barcelona: Caixa de Catalunya, pp. VII-XII.
- CLAVAL, Paul (2006). *Géographie régionale. De la région au territoire*. París: Armand Colin.
- CONSTENLA, Xosé (2005). “O Principiño e a xeografía na Galiza”. *Abalar. A xeografía galega en construción*, núm. 3, pp. 80-93.
- DANTÍN CERECEDA, Juan (1922). *Ensayo acerca de las regiones naturales de España*. Madrid: Museo Pedagógico Nacional.
- DEMANGEON, Albert (1905). *La Plaine picarde: Picardie, Artois, Cambrésis, Beauvaisis. Étude de géographie sur les plaines de craie du Nord de la France*. París: Armand Colin.
- DURÁN, Francisco (2019). “Os estudos de xeografía na primeira metade do século xx en Galicia”. *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 380, pp. 57-78. <https://doi.org/10.32766/brag.380.760>
- DUVERGER, Maurice (1996). *Métodos de las ciencias sociales*. Barcelona: Ariel.
- GARCÍA ÁLVAREZ, Jacobo (2002). *Territorio y nacionalismo. La construcción geográfica de la identidad gallega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- (2006). “Geografía regional”, en: Daniel HIERNAX; Alicia LINDÓN [eds.]. *Tratado de Geografía Humana*. Rubí/México: Anthros/Universidad Autónoma Metropolitana-Iztapalapa, pp. 25-70.
- GARCÍA PITA, Pablo (1986). *Comarca de Carballo: estudio demográfico, socioeconómico y repercusiones espaciales*. A Coruña: Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de [A] Coruña.
- GÓMEZ MENDOZA, Josefina (2001). “La Geografía española: final y principio de capítulo”, en: *Actas del XVII Congreso de Geógrafos Españoles*. Oviedo: Universidad de Oviedo, pp. 19-27.

- GURRIARÁN, Ricardo (2006). *Ciencia e conciencia na Universidade de Santiago (1900-1940). Do influxo institucionista e a JAE á depuración do profesorado*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.
- HERNÁNDEZ BORGE, Julio (1999). “Cuarenta años de tesis doctorales de Geografía en la Universidad de Santiago de Compostela (1959-1998)”. *Estudios Geográficos*, vol. 60, núm. 237, pp. 727-739.
- (2002). “La investigación geográfica en la Universidad de Santiago a través de las tesinas de licenciatura presentadas entre 1954 y 1999”, en: María Dolores BARRAL; José Manuel BERNARDI [coords.]. *Estudios sobre patrimonio artístico: Homenaje del Departamento de Historia del Arte y de la Facultad de Geografía e Historia de la Universidade de Santiago de Compostela a la prof. Dra. M^a del Socorro Ortega Romero*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Universidade de Santiago de Compostela, pp. 929-955.
- (2017). “El Departamento de Geografía de la Universidad de Santiago de Compostela: 50 años de docencia e investigación (1967-2017)”. *Revista de Investigación en Educación*, vol. 15, núm. 2, pp. 158-168.
- HOLT JENSEN, Arild (1981). *Geography, Its History and Concepts: A Student's Guide*. New York: Harper & Row.
- IGLESIAS, Manuel (2021). “A Terra de Deza: o proxecto do Seminario de Estudos Galegos que nunca viu a luz”, en: Montse FAJARDO [coord.]. *O pasado por vir: achegas á historia da Pontevedra que desbotou o franquismo*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, pp. 121-132.
- LACOSTE, Yves (1976). *La géographie, ça sert, d'abord, à faire la guerre*. París: Maspéro.
- LENCIONI, Sandra (1999). *Região e Geografia*. São Paulo: Universidade de São Paulo.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén Camilo (1988). *A gandería na Ulloa. Repercusións nas paisaxes agrarias*. Santiago de Compostela: Consellería de Agricultura.
- (2009). “La Geografía y el análisis territorial en España: argumentos para la reflexión”. *Boletín de la Asociación de Geógrafos Españoles*, núm. 50, pp. 7-42.
- LOIS GONZÁLEZ, Rubén Camilo; Juan Manuel TRILLO (2017). “O fundamento de Galicia como territorio nacional: a labor do Seminario de Estudos Galegos e a figura de Ramón Otero Pedrayo”, en: Justo BERAMENDI; Uxío-Breogán DIÉGUEZ; Carme FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN; M^a Pilar GARCÍA NEGRO; Xosé Manuel GONZÁLEZ REBOREDO [eds.]. *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Museo do Pobo Galego, pp. 527-543.
- MIRALBÉS, María Rosario; Rafael RODRÍGUEZ MARTÍNEZ-CONDE; Montserrat VILLARINO; Pedro ARMAS (1983). *Galicia: una división comarcal de su espacio*. Madrid: Consejo Superior de Investigaciones Científicas.
- NEL-LO, Oriol (2009). “La significació de l’obra de Pierre Deffontaines a Catalunya”. *Biblio 3W. Revista Bibliogràfica de Geografia y Ciencias Sociales*, vol. xiv, núm. 816. <http://www.ub.edu/geocrit/b3w-816.htm> (consultado 02/03/2016).
- OLIVERAS, Josep (2020). *La nova Geografia: Raoul Blanchard — Pau Vila*. Assaig de Geografia humana de la muntanya (1925). Barcelona: Societat Catalana de Geografia.
- ORTEGA CANTERO, Nicolás (2005). “Paisaje, historia y nación (a propósito del *Tableau de la géographie de la France*, de Paul Vidal de la Blache)”, en: Nicolás ORTEGA CANTERO [ed.]. *Paisaje, memoria histórica e identidad nacional*. Madrid/Soria: Universidad Autónoma de Madrid/Fundación Duques de Soria, pp. 9-44.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1926). *Guía de Galicia*. Madrid: Espasa Calpe.
- (1933). “A Terra de Melide”, en: *Terra de Melide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, pp. 7-29.
- OTERO VARELA, Alejandro (2023). *Historia da división comarcal de Galicia*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. [Tese de doutoramento]
- OTERO VARELA, Alejandro; Valerià PAÜL (2020). “Geografía y debate comarcal reciente en Galicia: cuatro décadas entre el estudio académico, la intervención política y el análisis

- crítico”, en: Joaquín FARINÓS [coord.]: *Desafíos y oportunidades de un mundo en transición. Una interpretación desde la Geografía*. València: Tirant Humanidades/Universitat de València, pp. 539-554.
- OZOUF-MARIGNIER, Marie-Vic (2003). “La monographie de « pays » : le conflit entre science leplaysienne et géographie autour d’un monopole (1890-1910)”. *Revue d’Histoire des Sciences Humaines*, vol. 2003/2, núm. 9, pp. 13-35. DOI: <https://doi.org/10.3917/rhsh.009.0013>
- PAÜL, Valerià (2008). “Al voltant de la identitat del paisatge vallesà”. *Ponències. Anuari del Centre d’Estudis de Granollers*, núm. 2007, pp. 79-121.
- (2017a). “El paisatge en la *Geografía de Catalunya* de l’editorial Aedos: algunes lectures interpretatives”. *Treballs de la Societat Catalana de Geografia*, núm. 83, pp. 137-171. DOI: <https://doi.org/10.2436/20.3002.01.127>
- (2017b). “A protección das paisaxes naturais galegas”, en: Concepción GARCÍA GARCÍA; María del Mar GARCÍA MIRAZ [COORDS.]. *Paisaxe e patrimonio – un percorrido polo territorio a través do Arquivo de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 107-145.
- (2019a). “A Xeografía de Galiza con e após Fraguas”, *Boletín da Real Academia Galega*, núm. 380, pp. 79-104. <https://doi.org/10.32766/brag.380.761>
- (2019b). “Catro breves hipóteses acerca do vencello entre paisaxe e nación en Galiza”, en: Juan Manuel TRILLO; Rubén Camilo LOIS GONZÁLEZ [eds.]. *Paisaxes nacionais no mundo global*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 83-109.
- PAÜL, Valerià; Rafael GIMÉNEZ-CAPDEVILA (2022). “Una geografía catalana en temps de crisis”, en: *La geografía española actual. Estado de la cuestión. Aportación española al congreso de la UGI. París 2022*. Madrid: Asociación Española de Geografía, pp. 385-411.
- REYNAUD, Alain (1974). “La géographie entre le mythe et la science. Essai d’épistémologie”. *Travaux de l’Institut de Géographie de Reims*, núm. 18-19, pp. 1-204.
- RÍO BARJA, Francisco Javier (1958). “Programa para el estudio de las comarcas naturales”. *Revista de Economía de Galicia*, núm. 1, pp. 22-25.
- (1962). “El valle de la Mahía: estudio de Geografía económica”. *Boletín de la Universidad Compostelana*, núm. 70, pp. 189-238.
- RISCO, Vicente M. (1927). “O Castro de Caldelas: monografía xeográfica i etnográfica d’unha vila da nosa terra”. *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, vol. 1, pp. 53-86.
- ROCHE, Michael (2010). “Historical Research and Archival Sources”, en: Iain HAY [ed.]. *Qualitative Research Methods in Human Geography*. Don Mills: Oxford University Press, pp. 173-190.
- RUIZ OLABUÉNAGA, José Ignacio (1999). *Metodología de la investigación cualitativa*. Bilbao: Universidad de Deusto.
- SANTALÓ, Miquel (1923). *Per l’estudi de Catalunya. Concepte de la comarca geogràfica i dels seus factors. Com se forma una comarca. Divisions comarcals de Catalunya. Mitjans actuals i pròxims per a llur estudi. Mètode d’investigació geogràfica comarcal. Assaig monogràfic: el Gironès*. Girona: El Autonomista.
- SANTOS, Xosé Manuel (1999). “Xeografía e nacionalismo en Galicia”, en: *Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la Geografia universitària*. Barcelona: Universitat de Barcelona, pp. 1343-1356.
- SAUTTER, Gilles (1961). “L’étude régionale : réflexions sur la formule monographique en géographie humaine”. *L’homme. Revue française d’anthropologie*, vol. 1, núm. 1, pp. 77-89.
- SCHAEFER, Fred K. (1953). “Exceptionalism in Geography: A Methodological Examination”. *Annals of the Association of American Geographers*, vol. 43, núm. 3, pp. 226-249. DOI: <https://doi.org/10.2307/2560876>
- TORRES, María Pilar de; Rubén Camilo LOIS GONZÁLEZ (1999). “Lectura geográfica de los espacios rurales y el mundo campesino en Galicia. Estado de la cuestión”, en: *Professor Joan Vilà Valentí. El seu mestratge en la Geografia universitària*. Barcelona: Universitat de Barcelona, pp. 851-863.

- TORT, Joan (2019). “*La Cerdanya*, de Pau Vila: la construcció d’una «pedagogia del paisatge»”. *Querol. Revista Cultural de Cerdanya*, núm. 25, pp. 29-31.
- UÑA, Elena de (1988a). *Comarca de Betanzos: estudio demográfico, socioeconómico y repercusiones espaciales*. A Coruña: Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de [A] Coruña.
- (1988b). *Estructura socioeconómica de la comarca de Santiago de Compostela: panorama actual y perspectivas en el marco europeo*. Santiago de Compostela: Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de Santiago/Banco Pastor.
- (1990). *Comarca de Baio-Vimianzo: estudio demográfico, socioeconómico y repercusiones espaciales*. A Coruña: Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de [A] Coruña.
- VARENIUS, Bernhardus (1649). *Descriptio Regni Iaponiae*. Amsterdam: Apud Ludovicum Elzevirium.
- (1650). *Geographia Generalis*. Amsterdam: Ex Officina Elzeviriana.
- VÁZQUEZ CERNADAS, María Carmen (1989). *Comarca de Ordes-Val do Dubra: estudio demográfico, socioeconómico y repercusiones espaciales*. A Coruña: Cámara Oficial de Comercio, Industria y Navegación de [A] Coruña.
- VIDAL DE LA BLACHE, Paul (1903). “Tableau de la géographie de la France”, en: Ernest LAVISSE [ed.]. *Histoire de France depuis les origines jusqu’à la Révolution*. Paris: Hachette, vol. I.
- (1917). *La France de l’Est (Lorraine-Alsace)*. Paris: Armand Colin.
- VILA, Pau (1926). *La Cerdanya*. Barcelona: Barcino.
- (1930). “El Vallès. Assaig geogràfic”, en: *Comarca del Vallès*. Barcelona: Casa del Vallès, vol. I, pp. 1-83.